INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS POLO IMPACTO DE XÉNERO PRESENTADAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

Na tramitación do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia, a Secretaría Xeral de igualdade da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade formulou unha serie de recomendacións que foron obxecto de análise, cuxo contido e contestación se sintetizan a continuación:

> ***RECOMENDACIÓNS EN RELACIÓN COA INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO***
> *- En relación aos fins da lei do artigo 3, recoméndase que a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres non sexa limitada ás actividades relacionadas coa produción e comercialización, senón a todo o proceso de produción, transformación e comercialización e a específica mellora das rendas percibidas por quen participe na produción primaria para acadar unha remuneración xusta do seu traballo (artigo 3 m).*

→Contestación: No artigo 3.m) agora faise referencia a persoa produtora primaria, polo que queda redactado do seguinte xeito:

"m) Valorizar a peculiaridade dos produtos alimentarios tradicionais e innovadores de Galicia, fomentando os signos distintivos de orixe e calidade e o prestixio e a rendibilidade da industria alimentaria galega como instrumento básico de desenvolvemento económico no medio rural e no costeiro. De xeito específico, mellorar as rendas percibidas por quen participe na produción primaria, para acadar unha remuneración xusta do seu traballo".

> *Igualmente, dada a súa relevancia suxírese engadir un novo apartado de xeito que o emprendemento feminino no rural, a contratación de mulleres e as medidas de conciliación que permita que as mulleres se poidan incorporar en igualdade de condicións a xestión deste patrimonio cultural inmaterial derivado dunha xestión de alimentos producidos en Galicia de calidade.*

→ Contestación: Acéptanse as recomendacións e o artigo 3.r) queda redactado da seguinte forma:

"r) Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todas as actividades relacionadas coa produción, a transformación e a comercialización alimentaria e promover o emprendemento feminino no rural, a contratación de mulleres e as medidas de conciliación que permitan que as mulleres se poidan incorporar en igualdade de condicións ao sector alimentario".

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 540 055
agacal@xunta.gal

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Neste sentido, recoméndase ver o estudo do Ministerio de Cultura, do ano 2019 denominado "Análisis de la participacion de las mujeres en el patrimonio cultural inmaterial: situación actual, experiencias y perspectivas de futuro".
Neste estudo está indicando que "En el caso de la Ley gallega, si bien dedica un apartado concreto a la protección del patrimonio inmaterial (art. 67 y siguientes) no hace ninguna referencia concreta ni al principio básico de igualdad y no discriminación, ni a la necesaria implicación de la mujer en cualquiera de los procesos de salvaguarda del patrimonio cultural gallego."(que vén imposta pola norma estatal publicada no ano 2015 Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial. Artigo 3 principio xeral da lei). Con carácter xeral este informe indica no ámbito da alimentación o seguinte "Formas de alimentación. Ámbito este muy femenino.
Tanto en los conocimientos culinarios y de dietas, como las formas de conservación, condimentación y elaboración de alimentos según el ciclo anual, han sido siempre prácticas aprendidas y transmitidas generacionalmente, entre madres e hijas. Lo mismo ocurre con los ritos de comensalidad. Curiosamente, en la actualidad, son los hombres los que están incorporándose a este ámbito."
Este mesmo argumento é válido para a incorporación da visibilización da igualdade de xénero no capítulo VI do título III que expresamente fala de seguimento histórico, no que a figura das mulleres como transmisoras destes saberes resulta de interese.

→ Contestación: Tomamos nota desta recomendación e facemos unha modificación no segundo parágrafo do preámbulo do anteproxecto de lei para resaltar o papel da muller na transmisión do saber facer tradicional na actividade de produción alimentaria. O dito parágrafo quedaría así:

Esta riqueza de materias primas de primeira calidade ten dado lugar a unha variada gastronomía, que é un dos principais atractivos da nosa oferta turística, o que aumenta a importancia e o valor da actividade das persoas que traballan no mar e no agro en Galicia e das empresas que transforman e comercializan os nosos produtos alimentarios. Na conformación dese patrimonio culinario tiveron unha especial relevancia as mulleres galegas, que souberon gardar e transmitir de xeración en xeración coñecementos culinarios e de dietas, así como as formas de conservación, de condimentación e de elaboración de alimentos segundo o ciclo anual. Esas materias primas e esa cultura culinaria son a base do que xa se coñece como "Dieta atlántica", que dá un papel principal a peixes e mariscos, verduras e hortalizas, pero tamén inclúe hidratos de carbono, lácteos, aceite de oliva e un consumo moderado de carne e viño. Esta dieta contén todos os ingredientes necesarios para unha alimentación saudable..

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- En relación as funcións do Consello Alimentario de Galicia, como no caso anterior, recoméndase, en aplicación da necesidade de transversalidade en materia de igualdade, que non se pechen as medidas de igualdade á formulación das propostas estratéxicas, se non que se estenda a todas as outras funcións: planificación estratéxica e ao asesoramento de proxectos normativa, liñas de investigación e estudo, e calquera outra que se lle delegue e que así o permita.

Tamén se recomenda que as funcións dos órganos colexiados que actúen neste ámbito dispoñan dunha cláusula residual, que incorpore nas súas funcións, a transversalidade de xénero, cando menos seguindo a LOFAXGA para a aplicación do dereito laboral de igualdade (fenda salarial, teito de cristal, promoción e implantación de plans de igualdade voluntarios etc).

→ Contestación: Elimínase a referencia ás mulleres e mozas do parágrafo b) e créase un novo parágrafo d) que regula de forma xenérica todo tipo de propostas para o fomento da participación das mulleres e mozas na actividade agraria, pesqueira e alimentaria.

En consecuencia, os parágrafos b), d) e e) do artigo 12.2 quedan redactados do seguinte xeito:

"b) Formular propostas estratéxicas para a mellora da actividade económica, do emprego e a formación no sector alimentario.
d) Formular propostas sobre medidas e actividades que fomenten a incorporación de mulleres e mozas á actividade agraria, pesqueira e alimentaria, incorporando unha perspectiva de transversalidade de xénero en todas as súas actuacións.
e) Calquera outras que regulamentariamente se lle atribúan ou deleguen".

- En relación á contratación pública de produtos alimentarios, recoméndase que o criterio de igualdade sexa recollido nun parágrafo específico e que a aplicación da lexislación de igualdade non só estea centrada no que se trate de produción, na que a organización teña un 50% ou mais de mulleres asociadas, senón que tamén permita o establecemento de outras condicións que promovan a igualdade entre mulleres e homes, como podería ser a aplicación de medidas de conciliación e corresponsabilidade que se caractericen pola súa novidade ou excelencia, a oferta por parte da localidade ou empresas de infraestruturas de coidados gratuítas para todo o persoal, etc.

→Contestación: Rexéitase esta alegación.
Para estas cuestións de igualdade, conciliación da vida persoal e laboral e corresponsabilidade xa existe unha normativa específica de contratación, recollida nunha lei sectorial: artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

impulso demográfico de Galicia, que indica o seguinte:

Artigo 57. Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico.

"1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, incluirán entre eles, sempre que estea vinculado ao obxecto do contrato, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, entendendo por tales, entre outras, as que incorporen medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

2. Este criterio haberá de valorarse como mínimo co 10% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, debendo motivarse no expediente a atribución dunha porcentaxe menor, que non haberá de ser inferior ao 5 % da puntuación máxima.

3. Para a valoración deste criterio terase en conta a existencia na empresa dun plan de igualdade, ou de conciliación, que contemple as medidas obxecto de valoración e que se aplique á execución do contrato. Para acreditar a existencia e o cumprimento dos plans de igualdade ou conciliación terase en conta, entre outros medios posibles, a existencia de certificados que acrediten estes extremos, como a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, o Certificado de Empresa Familiarmente Responsable ou calquera outro certificado ou acreditación adecuado para estes efectos. Tamén se considerarán os acordos ou pactos cos traballadores e traballadoras a este respecto ou a inclusión na oferta de medidas de conciliación que se aplicarán na execución do contrato.

4. A puntuación máxima deste criterio desagregarase en función da calidade e intensidade das medidas que se contemplen, podendo ponderarse o sector en que operan as empresas e o seu tamaño, en atención en particular á non discriminación da pequena e mediana empresa".

Á vista deste precepto, resulta inxustificado que na Lei de Calidade Alimentaria se recolla de novo un criterio de conciliación da vida persoal e laboral que, por unha banda, nada ten que ver coa materia que é obxecto desta nova lei e, por outro, xa é obrigatorio incorporalo na contratación en virtude da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- En relación ao tratamento da publicidade na lei, e especificamente para o establecemento de sancións por publicidade enganosa, suxírese establecer un criterio específico de agravación polo uso de linguaxe ou imaxes sexistas.

→ Contestación: Tendo en conta a especificidade da materia obxecto de réxime sancionador non ten cabida regular como agravante a circunstancia proposta.

-Recoméndase igualmente ter en conta a normativa sobre linguaxe non sexista tamén para a xestión da accesibilidade e claridade na identificación do produto prevista no artigo 21.

→Contestación: Este artigo regula a identificación dos produtos alimentarios a través do etiquetado, cuxo contido obrigatorio xa se encontra taxado pola normativa comunitaria. No relativo ao contido facultativo do etiquetado, non é común atopar unha linguaxe sexista. Esta última pode xurdir na publicidade deste tipo de produtos. Neste último marco corresponde á normativa especifica en materia de publicidade desenvolver unha regulación que evite a linguaxe sexista (Lei 24/1998, do 11 de novembro, xeral de publicidade). Por outra banda, esta consellería, no exercicio das súas funcións de promoción de produtos alimentarios, nas convocatorias de subvencións xa regula a non subvencionabilidade da publiciadade que conteña mensaxes sexistas ou discriminatorios.

- Esta normativa pretende "favorecer tamén o desenvolvemento local, a creación de emprego...". Igualmente o anteproxecto incide no desenvolvemento local, xa que "a demanda de produtos diferenciados e exclusivos, debido ao seu carácter local e artesanal, que ofrece a artesanía alimentaria, móstrase útil como motor de desenvolvemento das economías rurais ao propiciar a instalación de pequenas industrias e explotacións agrarias, contribuíndo con iso ao asentamento da súa poboación", establecendo entre os seus fins "Promover a participación dos axentes sociais e económicos do sector e fomentar a cooperación entre as empresas alimentarias acollidas ás diferentes figuras de protección da calidade alimentaria para a posta no mercado dos seus produtos así como fomentar e potenciar as entidades de economía social que produzan, elaboren ou comercialicen alimentos de calidade diferenciada". Por todo isto, recoméndase que toda a xestión e planificación, elaboración das estratexias da calidade alimentaria, en clave de igualdade, deixe marxe para a incorporación, en todas as fases de planificación e xestión, ao desenvolvemento das disposicións que a lexislación de igualdade prevé para o desenvolvemento local. O que implicaría a elaboración dun parágrafo segundo para o artigo 3 deste estilo "O marco normativo que permite asegurar, na Comunidade Autónoma de Galicia, a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio,

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

terá en conta as previsións e propostas de actuación previstas na lexislación de igualdade de xénero para o desenvolvemento rural".

→ Contestación: acéptase a recomendación pero incorpórase na Disposición derradeira primeira e non no artigo 3, por ter mellor encaixe nesa disposición, que queda redactada do seguinte xeito:

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

"1. Facúltase ao Consello de Goberno para pronunciar cuantos actos e disposicións regulamentarias sexan necesarios para o desenvolvemento desta lei, sen prexuízo das habilitacións expresas de desenvolvemento e execución que esta lei establece a favor do departamento competente en materia de agricultura.
2. Os actos e disposicións regulamentarias de desenvolvemento desta lei terán en conta as previsións e propostas de actuación recollidas na lexislación de igualdade de xénero para o desenvolvemento rural".

- En canto a cuestión de Sostibilidade da cadea alimentaria prevista no Título II Capítulo III, ao lexislar sobre o conxunto de produción e boas prácticas encamiñadas á protección das persoas traballadoras e á cidadanía ou ao lexislar sobre a renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor, especialmente no caso das operacións primarias, recoméndase que se estableza, expresamente, atender a incorporación de directrices de igualdade, plans de igualdade ou de seguridade laboral en clave de xénero.

→Contestación: Acéptase a recomendación e inclúese no contido do artigo 27.2, que queda redactado do seguinte xeito:

"2. O sistema de certificación da sostibilidade basearase nun conxunto de normas de produción e boas prácticas, encamiñadas a garantir o respecto ao medio ambiente, á calidade e á seguridade alimentaria, á protección das persoas traballadoras e da cidadanía, e unha renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor, especialmente no caso das persoas operadoras primarias. Tamén atenderá á incorporación de directrices de igualdade, plans de igualdade ou de seguridade laboral en clave de xénero. Este conxunto de normas de produción e boas practicas serán definidas en pregos de condicións específicos, axeitados ás características dos diferentes ámbitos do sector alimentario galego".

PREVISIÓNS RELATIVAS AO CUMPRIMENTO DA COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

1. En canto á toma de decisións e a elaboración de estratexias, ven recollida no artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015.

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. No relativo a nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade, estipúlase no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na súa disposición derradeira primeira.
3. Para a administración galega e o nomeamento de altos cargos, recóllese na Disposición adicional 1.ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
4. No presente anteproxecto de lei a participación equilibrada entre mulleres e homes establécese do seguinte xeito: O artigo 12.4 do anteproxecto crea o Consello Alimentario de Galicia, este consello terá unha composición equilibrada; "O réxime de elección dos membros do consello, a composición, organización e funcionamento interno estableceranse regulamentariamente e deberá procurarse a presenza equilibrada entre mulleres e homes no devandito órgano".
5. Porén, o Capítulo II do título I, crea tamén o órgano colexiado denominado
Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada. Ademais o artigo 27 incorpora os comités de sostibilidade dos diferentes ámbitos do sector alimentario.
Tamén se desenvolve no anteproxecto, como corporacións de dereito público, os consellos reguladores e se establece unha xestión colaborativa con asociacións sobre as que se prevé que precisarán de financiamento público para a xestión dos seus fins.
6. Visto o anterior, suxírese, que dentro das disposicións xerais do título preliminar sexa incluída unha previsión que indique que toda actividade desenvolvida por órganos colexiados, sexan de titularidade pública ou non, cando estea financiada con orzamento público procurará acadar a presenza equilibrada de mulleres e homes.

→ Contestación: Aínda que se procure a presenza equilibrada de mulleres e homes no Consello Alimentario de Galicia e na Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia (o que xa se contempla no artigo 12.4 para ao Consello Alimentario de Galicia) , non se pode atender na súa plenitude a recomendación efectuada, xa que non está previsto o financiamento con orzamento público da actividade deses órganos colexiados. Non obstante, modifícase o artigo 13.2 para recoller para a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia a mesma previsión sobre procurar unha presencia equilibrada que como a que se recolle no artigo 12 para o Consello Alimentario de Galicia. O dito parágrafo quedaría así:

2. A Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada está adscrita á consellería competente en materia de agricultura e estará composta por representantes de todas e cada unha das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica e ata un máximo de tres en representación das principais asociacións sectoriais da artesanía alimentaria.

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Participarán tamén, con voz e sen voto, representantes da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e da dirección xeral competente en mercados da pesca. Así mesmo, tamén poderán participar, con voz e sen voto, expertos de recoñecido prestixio nas materias que competen á Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, ata un máximo de cinco, designados por acordo maioritario da Mesa.
Procurarase a paridade de xénero na composición deste órgano colexiado".

7. Por último o texto do anteproxecto na súa parte expositiva indica que existe vinculación entre a produción alimentaria en Galicia e a existencia de produción sostibles, caracterizadas por estar moi vencelladas ao territorio.
Das produción alimentarias indícase que teñen capacidade para fixar poboación no rural, grazas ao mantemento e creación de postos de traballo.
Pois ben, esta declaración implica a necesidade de revisar indicadores de xénero e determinar, a partir da súa revisión, se é necesario ter en conta algo mais na redacción do articulado ou é suficiente lexislar sobre a produción alimentaria de calidade no territorio de Galicia para a súa consecución, tendo en conta que este anteproxecto ven a substituír a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e que polo tanto se pode dispor de datos para o dito análise.

→ Contestación: Unha vez revisado o contido deste anteproxecto, non se detecta a necesidade de engadir novas apreciacións relativas ao xénero.

INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA

1. A nivel estatal, cómpre ter en conta o artigo 20 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. A nivel autonómico, cómpre ter en conta o artigo 9 do Decreto lexislativo /2015, a Lei 16/2021, do 17 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2022-2026, e a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no artigo 21.

3. O VII plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes indica que "seguirase promovendo a investigación en materia de igualdade, a realización de estudos con perspectiva de xénero e introducir dito enfoque na base de todos os procesos de recollida e análise de información que desenvolva a Administración da comunidade autónoma. Nos últimos anos, o sistema estatístico de Galicia vén realizando importantes esforzos neste eido, consolidando un sistema de indicadores de xénero, labor que cómpre afianzar no vindeiro período. Ademais, en paralelo ao desenvolvemento das investigacións e estatísticas, convén

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

introducir melloras nos sistemas de difusión. É preciso divulgar os datos desagregados por sexo e a información dispoñible sobre a situación da poboación feminina se se queren deseñar políticas de igualdade sustentadas nun coñecemento exhaustivo da realidade das mulleres e homes de Galicia".

No ámbito da calidade alimentaria, apenas existen estatísticas públicas que amosen a situación das mulleres como produtoras, operadoras alimentarias, consumidoras, etcétera.
As estatísticas de xénero do IGE amosan os seguintes datos:
- Da poboación ocupada, por sectores dedícanse á agricultura e pesca, unha porcentaxe de 8,03 de homes e un 4,63 de mulleres.
- O salario medio anual das mulleres galegas foi, no ano 2019, de 17.511 euros, 4.527 euros menos ao ano que os homes. É dicir, no ano 2019, os homes galegos cobraban ao ano un 25,9% máis que as mulleres. No sectores da agricultura, gandería, silvicultura e pesca as mulleres cobraban de media 12.636, sendo a diferenza cos homes de 3.970.
- A distribución porcentual da poboación inactiva, segundo a clase de inactividade, reflicte que o 6,6% dos homes e o 28,2% das mulleres se dedican ás labores da casa.
- Segundo o Instituto Galego de Estatística hai indicadores demográficos do ano 2020 que permiten coñecer que non existen taxas de natalidade ou nupcialidade nos seguintes concellos; Aranga, Boimorto, Capela, Cerdido, Cesuras, Corcubión, Frades, Irixoa, Mañón, Moeche, Monfero, Oza dos Rios, Santiso, Sobrado, As Somozas, Vilarmaior, Vilasantar, Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Bóveda, Carballeira, Castroverde, Cervantes, Folgoso do Caurel, A Fonsagrada, O Incio, Meira, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Ourol, Pantón, Paradela, Páramo, Pedrafita do Cebreiro, obra do Brollón, Pol, Pontenova, Portomarín, Ribas do Sil, Ribera de Piquín, Riotorto, Samos, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, Vicedo, Xermade, moeiro, Arnoia, Avión, Baltar, Baños de Molga, Beade, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, enlle, Chandrexa de Queixo, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, Gomesende, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Melón, Merca, A Mezquita, Montederramo; Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, A Peroxa, Petín, Piñor, Pobra de Trives, Pontedeva, Porqueira, Punxín, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Riós, Rubiá, San Amaro, San Cristovo de Cea, San Xoan de Río, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Verea, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Agolada, Campo Lameiro, Cerdedo, Cotobade, Covelo, Crecente, Dozón, Fornelo de Montes, A Lama, Mondaríz Balneario.

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por isto, suxírese que o anteproxecto estableza estatísticas que vinculen a xestión da calidade alimentaria á xestión do territorio en clave de xénero, para dispoñer de información que permita coñecer por que existe e como poderiase reverter a tendencia de que as mulleres novas, dispoñendo de maior nivel de estudos que xeracións anteriores, se asenten mais no ámbito urbano que no rural.

4. Por todo isto, suxírese:
- Para a compilación de datos: que á hora de recompilar os datos relativos ás persoas físicas dos rexistros previstos neste anteproxecto (nos artigos 40, 36 e 9 o Rexistro da artesanía alimentaria de Galicia, rexistro dos produtos do artigo 22, Rexistro industrial de Galicia artigo 26, rexistros das denominacións de orixe do artigo 30, no artigo 43 os rexistros de protección da calidade diferenciada, no artigo 51 o Rexistro de Operadores que levarán os consellos reguladores, nos artigos 82 e 86 o Rexistro de entidades de control e certificación de produtos alimentarios de Galicia) estes sexan recollidos indicando sexo da persoa nun despregable que permita seleccionar algunha das seguintes propostas; home/muller/outros.

→Contestación: Acéptase esta alegación e inclúese unha previsión neste sentido no novo punto 3 da súa Disposición derradeira primeira, que queda redactada do seguinte xeito:

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

"1. Facúltase ao Consello de Goberno para pronunciar cuantos actos e disposicións regulamentarias sexan necesarios para o desenvolvemento desta lei, sen prexuízo das habilitacións expresas de desenvolvemento e execución que esta lei establece a favor do departamento competente en materia de agricultura.
2. Os actos e disposicións regulamentarias de desenvolvemento desta lei terán en conta as previsións e propostas de actuación recollidas na lexislación de igualdade de xénero para o desenvolvemento rural.
3. No desenvolvemento regulamentario dos rexistros referidos nesta lei procurarase recoller información desagregada por sexos cando proceda, para facilitar o desenvolvemento de actividades estatísticas e o coñecemento da participación das mulleres nas actividades obxecto de inscrición neles".

- Igualmente á hora de recompilar os datos relativos ás persoas físicas dos procedementos previstos neste anteproxecto, estes sexan recollidos desagregados por sexo e incorporando indicadores por razón de xénero axustados a cada un deles, para poder determinar a necesidade de establecer medidas específicas que promovan a integración efectiva da perspectiva de xénero neste ámbito.

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

→ Contestación: Non se toma en consideración esta recomendación, dado que non identificamos procedementos nos que resulte de aplicación.

- Remisión da información para a elaboración de sucesivos informes de impacto de xénero pois segundo o artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015, "da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade".

→ Contestación: Acéptase a recomendación. Cando esta consellería dispoña de información relevante sobre o impacto de xénero será obxecto de remisión a Secretaría Xeral de Igualdade.

UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

1. A incorporación dunha linguaxe non sexista está recollida nos artigos 11 e 2 do Decreto lexislativo 2/2015.

2. A nivel estatal o tratamento da linguaxe lexíslase na aliña 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3. No presente anteproxecto de lei a linguaxe ten o tratamento seguinte: Neste texto empréganse con carácter xeral formas neutras e os dous xéneros, o que merece unha valoración positiva.

4. A pesar do que, dada a lonxitude do texto, é necesario recomendar a seguinte revisión do texto:
- Aparece o uso do masculino equiparado ao dobre xénero no articulado respecto aos substantivos e determinantes das seguintes palabras:
• Na exposición de motivos; operadores alimentarios, titulares,consumidor, operadores, agricultores europeos, produtores primarios.
• No articulado; produtores primarios, operadores económicos e profesionais, operadores, operadores primarios, produtor, consumidor final, operadores comprometidos, consumidor, asociacións de produtores, produtores pesqueiros, confrarías de pescadores, operadores inscritos, operadores alimentarios, consumidores, operador, subministradores, receptores, produtores, terceiros, operadores inscritos, rexistro de operadores, interesados, provedores, consumidores e usuarios, funcionarios, posuidor, administradores ou titulares, autorizados, rexistrados, subministradores e receptores de produtos.
- En relación ao uso do dobre xénero, que aparece no texto, tamén cómpre indicar que, en ocasións a redacción reflicte o dobre xénero no substantivo e non nos determinantes que o acompañan, e que a redacción en igualdade promove que se use indistintamente e con alternancia o uso do masculino e do feminino, recursos que se recomenda aplicar para os seguintes substantivos:

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

• Na exposición de motivos; agricultores e agricultoras; operadores e operadoras alimentarias.
• No articulado: operadores e operadoras, artesán ou artesá, inspector ou inspectora, técnicos e técnicas.
- En relación ao uso de / para introducir o dobre xénero recoméndase que non se use pola dificultade que implica para a lectura e claridade do texto.

→ Contestación: Acéptase esta recomendación e faise unha revisión global do texto para eliminar, na medida do posible, u uso sexista da linguaxe.

José Luis Cabarcos Corral
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 15/09/2022 12:43:41

CVE: L8oHLhT7we47
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve